



Paraíso  
entre ríos

# INFORMACIÓN MUNICIPAL

## Traballando polo ben de todos

Tendo claro que o noso cometido é o de servir ós veciños o mellor posible, temos que afrontar a tarefa de distribuír os recursos económicos de maneira limpa e transparente cubrindo as necesidades que o noso Concello demanda. Así, rematamos este exercicio 2016 con remanente de tesourería positivo de **839.857,65 €**; un ano máis seguimos afrontando os presupostos sen ningún tipo de débeda, cun período de pago a provedores de **14** días e fóra do período legal de pago de cero días.

Cunhas contas claras e transparentes, podemos dicir con orgullo, que o Concello de Paderne non lle debe nada a ninguén.

Conscientes da importancia de cumprir co obxectivo de estabilidade presupostaria, podemos dicir que a nosa xestión económica sitúa aos recursos económicos municipais nunha boa posición para afrontar as necesidades dos veciños loitando, como ata o de agora, por un traballo limpo e transparente en beneficio de todos e cumprindo con eficacia e responsabilidade as tarefas de servizo ás xentes de Paderne.

A xestión dos recursos municipais non pode descoidar as necesidades básicas; así, o alu-



meado, as obras, o mantemento de servizos, a recollida selectiva do lixo, as actividades culturais, os servizos sociais e atención á dependencia, a infancia e a promoción económica e de emprego, son partidas fundamentais nestes presupostos porque forman parte da vosa vida diaria e dos vosos problemas.

Distribuír e xestionar os recursos de todos supón un importante exercicio de responsabilidade que facemos co empeño de estar sempre á altura da confianza depositada e co orgullo de poder seguir aportando e traendo cousas boas para Paderne; isto danos forzas para traballar con ilusión e así, todos unidos, sentirnos orgullosos de mellorar o noso *Paraíso entre ríos*.

## Mostra do Branco Lexítimo

O primeiro fin de semana de xullo celebramos a Mostra do Branco Lexítimo; co viño como eixe central do evento, desenvolveuse un amplo programa de actividades que contribuíron a facer atractivos estes dous días no noso Concello.

Acadando uns altísimos niveis de calidade, segundo as principais guías de viños, a aposta que no seu día o Alcalde realizou polo Branco Lexítimo está a dar os froitos tan desexados poñendo en valor unha importante fonte de riqueza que está a levar o nome de Paderne polo mundo.



*O Alcalde e o Tenente-Alcalde nun dos momentos da entrega de trofeos ós gañadores da I Carreira-Trail do Branco Lexítimo Paderne celebrada o segundo día da Mostra*



*Reciclar xogando; o Alcalde comprobou como os nenos e nenas aprendían a separar o lixo a través de actividades lúdicas*

## Cursos de verán na piscina municipal

Este pasado día 17 e con motivo do seu comezo, recibiron a visita do Alcalde e do Tenente-Alcalde que quixeron ir a saudar ós nenos e nenas que neles participan comprobando tamén como van variando as súas destrezas e técnica ano tras ano.



*O Alcalde e o Tenente-Alcalde xunto con algúns dos nenos e nenas que participan nos cursos de natación desta tempada de verán*

## Actividades de adultos curso 2017-2018

PADERNE				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Coiro 18:00 – 20:00	Labores 16:00-18:00	Informática perfeccionamento 20:00_21:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Pintura e Manualidades 17:00-19:00
	Ximnasia 19:15 – 20:00			Pilates 19:45 – 20:45
				Informática Inic. 19:30-20:30

**O Alcalde  
realizará a  
presentación  
das actividades  
o día 15 de  
setembro  
ás 20:30 h.  
no Salón de  
Sesiões  
da Casa do  
Concello**

SOUTO			
LUNS	MARTES	MÉRCORES	VENRES
Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Barro e cerámica 19:30 – 21:30	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Manualidades Restauración 19:30-21:30

VILAMOUREL		
LUNS	MARTES	XOVES
Barro e cerámica 20:30 – 22:30	Ximnasia de mantemento 20:15 – 21:00 Baile 22:00 – 23:30	Ximnasia de mantemento 20:15 – 21:00

ADRAGONTE	
MARTES	MÉRCORES
Manualidades 20:00-22:00	Corte e confección 20:30 - 22:30

VELOUZÁS	
MARTES	XOVES
Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	Ximnasia de mantemento 18:15-19:00

VIÑAS		
LUNS	MÉRCORES	VENRES
Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Pilates 18:30-19:30

QUINTAS			
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	Cociña 19:00- 21:00	Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	Cociña 20:30 - 22:30

**iii TES ATA O 12 DE  
SETEMBRO PARA REALIZAR A  
TÚA INSCRICIÓN !!!**

## Actividades extraescolares curso 2017-2018

*O comezo das actividades será o día 17 de setembro*

BAIXO DA CASA DO CONCELLO			
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
Matemáticas Primaria (5º-6º) II 17:30 – 18:30 h	Inglés Infantil 16:00 – 17:00 h	Matemáticas Primaria (5º-6º) II 17:30 – 18:30 h	Inglés Primaria (5º - 6º) 16:00 – 17:00 h
Matemáticas Primaria (3º - 4º) I 18:30 – 19:30 h	Inglés Primaria (3º - 4º) 17:00 – 18:00 h	Matemáticas Primaria (3º - 4º) I 18:30 – 19:30 h	

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL	
LUNS	XOVES
Fútbol Sala 17:00 – 18:00 h	Patinaxe (7 – 10 anos) 16:00 – 17:00 h
Balonmán 18:00 – 19:00 h	Bádminton 17:00 – 18:00 h

BIBLIOTECA DA CASA DO CONCELLO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Inglés Primaria (1º - 2º) 16:00 – 17:00 h	Lengua Primaria (3º - 4º) 16:30 – 17:30 h	Inglés E.S.O. 16:00 – 17:00 h	Lengua Primaria (3º - 4º) 16:30 – 17:30 h	Inglés E.S.O. 16:00 – 17:00 h
	Lingua Primaria (3º - 4º) 17:30 – 18:30 h		Lingua Primaria (3º - 4º) 17:30 – 18:30 h	Informática 17:30 – 18:30 h 18:30 – 19:30 h
	Lengua Primaria (5º - 6º) 18:30 – 19:30		Lengua Primaria (5º - 6º) 18:30 – 19:30	
	Lingua Primaria (5º - 6º) 19:30 – 20:30 h		Lingua Primaria (5º - 6º) 19:30 – 20:30 h	

**¡¡¡TES ATA O DÍA 12 DE SETEMBRO PARA REALIZAR A TÚA INSCRICIÓN !!!**

## Axudas da Deputación da Coruña

O Concello ven de recibir, da Deputación da Coruña, as seguintes axudas:

- Unha axuda de **10.000 €** para a contratación dun **monitor deportivo** e así poder levar adiante o programa de deportes municipal que está orientado á formación dos rapaces e mantemento das persoas maiores.
- Unha axuda de **3.493,94 €** para a contratación de persoal para realizar as labores de información, dinamización, divulgación e atención da **Aula da Ría**.
- Unha axuda de **9.000 €** para o mantemento do servizo de **animador sociocultural** no Concello.

## Igualdade

O Concello ven de solicitar unha axuda de **11.196,20 €** á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza segundo a Resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

A finalidade é desenvolver as aulas de conciliación e así mellorar a calidade de vida das familias poñendo os medios necesarios para contribuír a aliviar un pouco as súas súas responsabilidades familiares.

## Convenio coa Cruz Vermella

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, da que o Alcalde é Vicepresidente, vai a subvencionar, a través da Medida Leader 2014-2020, un vehículo de transporte medicalizado á Cruz Vermella de Betanzos. Co fin de que os veciños do rural na Reserva de Biosfera poidan ter un maior aproveitamento do mesmo, ven de asinarse un convenio de colaboración segundo o cal as persoas con necesidades de transporte, para tratamentos especiais, con mobilidade reducida ou desprazamento ó centro de saúde, poidan, segundo as necesidades detectadas desde o departamento de servizos sociais municipais, recibir gratuitamente este servizo.

## Axudas ás parroquias para a celebración de festas

Para a celebración das festas en tódalas parroquias, o Concello realiza un esforzo importante a fin de que os veciños poidan festexalas o mellor posible.

Así, co fin de manter vivas as nosas tradicións e facilitar o disfrute dos veciños, no transcurso do ano púxose a carpa ata en **14** ocasións a petición das respectivas comisións de festas e asociacións de veciños o que, xunto coas outras aportacións do Concello, veu a supoñer un custe total de **28.301 €** para as celebracións nas distintas parroquias.

Un importante esforzo económico do Concello que ven tamén a contribuír ó benestar de todos.

## Novos obradoiros de emprego

O Consello da Xunta de Galicia, ven de aprobar a concesión de tres novos obradoiros de emprego nos que participa Paderne convertendo así ó noso Concello no municipio, de menos de 20.000 habitantes, que máis obradoiros de emprego desenvolveu de todo o entorno.

Estes obradoiros son, "A dependencia: emprego sostible" coas especialidades de "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" e "Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade", o obradoiro "Sociosanitario II" na especialidade de "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" e, por último, o obradoiro de emprego "Reserva da Biosfera: emprego sostible" nas especialidades de "Floricultura" e "Producción de sementes e plantas en viveiro" recibindo, ó remate dos mesmos, un certificado de profesionalidade con validez en todo o Estado.

Para a selección dos participantes é requisito imprescindible estar inscrito nas Oficinas de Emprego co código de obradoiros. O noso empeño é seguir loitando co fin de proporcionar novas oportunidades que favorezan o desenvolvemento e mellora das persoas de Paderne.



# Día da Familia

26 de agosto 2017



Apuntádevos ata o 22 de agosto

**13:00 h** Chegada das familias. Degustación de caza

**14:30 h** Saúda do Alcalde

**16:00 h** Comezo dos xogos ao aire libre

**18:00 h** Recital de habaneras a cargo da Coral Instrumental de Sada

**20:30 h** Actuación de Aixa Romay

**22:00 h** Entrega de medallas e queimada

## **Clausura das Aulas de Conciliación**

O vindeiro día 1 de setembro e en horario de mañá, clausúranse as Aulas de Conciliación que durante a tempada de verán, os meses de xullo e agosto, estiveron funcionando no baixo da Casa do Concello dando así un importante servizo ás familias con menores de entre 3 e 12 anos nas que os seus proxenitores traballan.

Ese día, e como xornada de despedida, os pequeniños van a poder disfrutar dunha sesión de conta-contos centrada nos ciclos da natureza axudándolles a percibir as distintas etapas do ano e poñendo en valor a sabedoría do medio natural que debemos coidar e respectar.